

De conformidade co establecido nos artigos 1, 2, 3 e 7 do Decreto 24/2008, do 21 de febreiro,

DISPOÑO:

Primeiro.-Designar o órgano estatístico sectorial da Consellería de Economía e Industria, que estará integrado pola unidade administrativa que se especifica a seguir:

a) Posto de traballo: vicesecretaría xeral, dependente da secretaría xeral.

b) Coordinador ou coordinadora: o funcionario ou a funcionaria titular do posto de traballo que se designa.

c) Localización física: dependencias da Secretaría Xeral, edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela.

Segundo.-Para os efectos do rexistro a que se refire o artigo 3 do Decreto 24/2008, do 21 de febreiro, a Secretaría Xeral comunicará ao Instituto Galego de Estatística os datos relativos á identidade da persoa que, en cada momento, ocupe o posto de traballo que se identifica no punto primeiro, que se nomeará seguindo os procedementos de previsión establecidos na normativa vixente en materia de función pública.

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 8 de xullo de 2010 pola que se resolve definitivamente a convocatoria de licenzas por estudos para o curso 2010-2011 destinadas a funcionarios docentes non universitarios.

De conformidade co establecido no artigo 11º da orde desta consellería do 1 de marzo de 2010 (DOG do 11 de marzo) pola que se convocaban licenzas por estudos para o curso 2010-2011 destinadas a funcionarios docentes non universitarios, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Adxudicarlle as licenzas por estudos aos profesores que se relacionan no anexo I desta orde.

Segundo.-O período improrrogable de duración das licenzas dun curso completo -modalidades 1, 2 e 3- será, como máximo, do 1 de setembro de 2010 ao 31 de agosto de 2011 para o profesorado de educación infantil e de educación primaria, e desde o 15 de

setembro de 2010 ao 14 de setembro de 2011 para o profesorado de ensino secundario e de ensinanzas de réxime especial.

Nas licenzas cuadrimestrais das modalidades 4, 5 e 6 a duración dos cuadrimestres establécese do seguinte xeito:

1. Para o profesorado de educación infantil e de educación primaria:

-Primeiro cuadrimestre, do 1 de setembro de 2010 ao 31 de decembro de 2010.

-Segundo cuadrimestre, do 1 de marzo de 2011 ao 30 de xuño de 2011.

2. Para o profesorado que imparte docencia no ensino secundario e nas ensinanzas de réxime especial:

-Primeiro cuadrimestre, do 15 de setembro de 2010 ao 14 de xaneiro de 2011.

-Segundo cuadrimestre, do 1 de marzo de 2011 ao 30 de xuño de 2011.

Por último, nas modalidades 0 -sen retribución- e 7, dentro do período que abrangue o curso académico, os beneficiarios poden escoller o período de disfrute da licenza de acordo coa duración establecida na orde de convocatoria.

Terceiro.-O profesorado a que se lle concede licenza por estudos queda obrigado ao cumprimento do exposto no artigo 13º da orde da convocatoria, obrigas dos beneficiarios, e a respectar o recollido no artigo 15º, incompatibilidades; a inobservancia do anteriormente exposto dará lugar á aplicación do contido do artigo 16º da orde de convocatoria: responsabilidades por incumprimento.

Cuarto.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Licenzas por estudos concedidas para o curso 2010-2011

Mestres

Modalidade	Apelidos	Nome	Desde	Ata
00	Fernández Fernández	María Teresa	1-1-2011	30-6-2011
01	Fernández Pérez	Juan Luis	1-9-2010	31-8-2011
01	Sánchez Vázquez	Isabel	1-9-2010	31-8-2011
01	Veleiro Vidal	A. Alberto	1-9-2010	31-8-2011
02	Abelenda Fernández	Ana	1-9-2010	31-8-2011
02	Costa Piñeiro	Ana Isabel	1-9-2010	31-8-2011
02	Espín Arias	María	1-9-2010	31-8-2011
02	Freire Yáñez	María Jesús	1-9-2010	31-8-2011
02	García Garrido	María José	1-9-2010	31-8-2011
02	Gómez Pérez	Ángela	1-9-2010	31-8-2011
02	González Díaz	Elisa	1-9-2010	31-8-2011
02	González Domínguez	Elena	1-9-2010	31-8-2011
02	López Blanco	Sandra	1-9-2010	31-8-2011
02	Lorenzo Vázquez	María Fernanda	1-9-2010	31-8-2011
02	Miñambres Justo	Irene	1-9-2010	31-8-2011
02	Mojón Moran	Eva María	1-9-2010	31-8-2011
02	Montero Nogareda	Sandra	1-9-2010	31-8-2011
02	Morandeira Díaz	Lucía	1-9-2010	31-8-2011
02	Pérez Martínez	María Teresa	1-9-2010	31-8-2011
02	Pérez Piñón	Francisco	1-9-2010	31-8-2011
02	Prieto Atanes	Luis	1-9-2010	31-8-2011
02	Prieto Cacheiro	Leticia	1-9-2010	31-8-2011
02	Rey Rey	M. Teresa de Jesús	1-9-2010	31-8-2011
02	Rodríguez Cuevas	Iria	1-9-2010	31-8-2011
02	Romero Pérez	Antonio	1-9-2010	31-8-2011
02	Ruibal Armesto	Ricardo	1-9-2010	31-8-2011
02	Sobriño Josenje	Santiago	1-9-2010	31-8-2011
02	Vila Estévez	Consuelo Margarita	1-9-2010	31-8-2011
05	Barros Fernández	María Luisa	1-3-2011	30-6-2011
05	Camarero Suanzes	Caridad	1-3-2011	30-6-2011
05	Cudeiro Vázquez	María del Carmen	1-3-2011	30-6-2011
05	Gómez Penas	José	1-3-2011	30-6-2011
05	González Casal	Rosa María	1-9-2010	31-12-2010
05	Groveiro González	Xosé Luís	1-3-2011	30-6-2011
05	Gulín Díaz	Pablo	1-9-2010	31-12-2010
05	Heras Varela	José María	1-3-2011	30-6-2011
05	Menéndez Canosa	María	1-3-2011	30-6-2011
05	Míllara Pérez	José Manuel	1-3-2011	30-6-2011
05	Pérez Fernández	Elvira	1-3-2011	30-6-2011
05	Pérez Lata	Antonio	1-3-2011	30-6-2011
05	Regueiro Sande	María Julia	1-3-2011	30-6-2011
05	Suárez Taiobo	María Victoria	1-9-2010	31-12-2010
06	Ben González	Inés	1-3-2011	30-6-2011
07	Gallego Villasenfn	Covadonga	26-4-2011	25-6-2011
07	González Castro	Margarita	26-4-2011	25-6-2011
07	González de Dios	María Consuelo	1-10-2010	30-11-2010

Licenzas por estudos concedidas para o curso 2010-2011

Profesores de Ensino Secundario e outros

Modalidade	Apelidos	Nome	Desde	Ata
00	Fernández Neira	Xesús	1-1-2011	30-6-2011
00	Lavia Fontán	Francisco Javier	15-9-2010	14-9-2011
00	Leyra Fernández-Labandera	María del Mar	15-9-2010	14-9-2011
00	Sánchez Muñoz-Redondo	Sonia	15-9-2010	14-9-2011
00	Sotelo Armesto	Antonio	15-9-2010	14-9-2011
00	Soutullo García	Eduardo	1-1-2011	30-6-2011
01	Álvarez González	María Mercedes	15-9-2010	14-9-2011
01	Aneiros Lorenzo	Julio	15-9-2010	14-9-2011
01	Campos Souto	María Begoña	15-9-2010	14-9-2011
01	Ferrández Casteleiro	Dulce María	15-9-2010	14-9-2011
01	García Vidal	Pedro	15-9-2010	14-9-2011
01	González García	Fernando	15-9-2010	14-9-2011

Modalidade	Apelidos	Nome	Desde	Ata
01	Mayor Rodríguez	Juan Antonio	15-9-2010	14-9-2011
01	Negreira Rodríguez	Francisco	15-9-2010	14-9-2011
01	Rey Olleros	Manuel	15-9-2010	14-9-2011
01	Sebio Puñal	María Teresa	15-9-2010	14-9-2011
02	Brión Sammiguel	María Dominga	15-9-2010	14-9-2011
02	Castillo Cotelo	Pedro	15-9-2010	14-9-2011
02	Couceiro Herrero	Luis Adolfo	15-9-2010	14-9-2011
02	Hernández Hernández	Begoña	1-9-2010	31-8-2011
02	Méndez López	Alberte Xosé	15-9-2010	14-9-2011
02	Molinos Núñez	María José	15-9-2010	14-9-2011
02	Otero Piñeiro	José Antonio	15-9-2010	14-9-2011
03	Pérez Fraile	Julio Manuel	15-9-2010	14-9-2011
04	Caamaño Fernández	Francisco Xavier	1-3-2011	30-6-2011
04	Carneiro Rey	Juan Antonio	1-3-2011	30-6-2011
04	Casanova Gilsanz	Nerea	1-3-2011	30-6-2011
04	Dosio Rodríguez	Mabel	15-9-2010	14-1-2011
04	López Guizán	María Paz	15-9-2010	14-1-2011
04	Otero Miragaya	Xosé Luís	1-3-2011	30-6-2011
04	Peleteiro Fondevila	Isabel	1-3-2011	30-6-2011
04	Pino Lestao	Bríxida	15-9-2010	14-1-2011
04	Rigueira Rodríguez	María Luisa	1-3-2011	30-6-2011
04	Rodiño Caramés	Ignacio	15-9-2010	14-1-2011
04	Torres Cubeiro	Manuel	1-3-2011	30-6-2011
05	Aguinaga Alfonso	Magdalena	1-3-2011	30-6-2011
05	Alisedo Goikoa	Almudena	15-9-2010	14-1-2011
05	Álvarez Fernández	Ramiro Juan	1-3-2011	30-6-2011
05	Amigo Pombo	Montserrat	1-3-2011	30-6-2011
05	Anca Tardáguila	Susana	15-9-2010	14-1-2011
05	Bermejo González	Roberto	1-3-2011	30-6-2011
05	Blanco Arnejo	María Isabel	1-3-2011	30-6-2011
05	Blanco Blanco	José María	1-3-2011	30-6-2011
05	Blanco Varela	Ana Belén	15-9-2010	14-1-2011
05	Calo Vidal	Sofía	15-9-2010	14-1-2011
05	Carballido Reboredo	Silvia A.	15-9-2010	14-1-2011
05	Centelles Farré	Montserrat	1-3-2011	30-6-2011
05	Corbelle Cao	Javier	1-3-2011	30-6-2011
05	Corbelle Mejuto	José Manuel	15-9-2010	14-1-2011
05	De Andrés Alonso	María Belén	1-3-2011	30-6-2011
05	De Andrés Lema	Antonio	15-9-2010	14-1-2011
05	De Esteban Gracia	Alberto A.	1-3-2011	30-6-2011
05	De La Puente Vaquero	Isabel	1-3-2011	30-6-2011
05	Engroba Sal	Marina	15-9-2010	14-1-2011
05	Estévez Vila	Xaime	1-3-2011	30-6-2011
05	Fandiño Gracia	Jesús Victoriano	1-3-2011	30-6-2011
05	Fernández Bañuelos	María José	1-3-2011	30-6-2011
05	Fernández de la Vega Sánchez	Oscar Luis	15-9-2010	14-1-2011
05	Fernández Martínez	Luciano	15-9-2010	14-1-2011
05	Fernández Rodríguez	Carlos	15-9-2010	14-1-2011
05	García Díez	María Reyes	15-9-2010	14-1-2011
05	García Mateo	María Dolores	15-9-2010	14-1-2011
05	García Vázquez	José Carlos	1-3-2011	30-6-2011
05	Gómez Paredes	Oscar	15-9-2010	14-1-2011
05	Granados Loureda	Juan Antonio	1-3-2011	30-6-2011
05	Grande Piñeiro	Teresa	1-3-2011	30-6-2011
05	Iglesias Fernández	Arturo	15-9-2010	14-1-2011
05	Jaraba Bara	Francisco	15-9-2010	14-1-2011
05	Llamas Blanco	Mercedes Montserrat	1-3-2011	30-6-2011
05	Lozano Prieto	José Ángel	1-3-2011	30-6-2011
05	Mene Pazos	Alejandro	1-3-2011	30-6-2011
05	Muño Mallo	Manuel	1-3-2011	30-6-2011
05	Otero Gutiérrez	Luis	1-3-2011	30-6-2011
05	Patiño Alonso	Juan Miguel	1-3-2011	30-6-2011
05	Pedrosa Rúa	María Cristina	1-3-2011	30-6-2011
05	Pensado Figueiras	Jesús	1-3-2011	30-6-2011
05	Peña Franco	Manuel Miguel	1-3-2011	30-6-2011
05	Pérez Figueroa	Violeta	1-3-2011	30-6-2011
05	Pérez Hernández	Manuel	15-9-2010	14-1-2011

Modalidade	Apelidos	Nome	Desde	Ata
05	Piñeiro Mourín	José Manuel	1-3-2011	30-6-2011
05	Poza Bóveda	Juan Vicente	1-3-2011	30-6-2011
05	Rama Lorenzo	Sofía Cristina	1-3-2011	30-6-2011
05	Ramos Devesa	Emma	15-9-2010	14-1-2011
05	Rodríguez Rodríguez	Víctor Eladio	1-3-2011	30-6-2011
05	Ron López	María Luisa	1-3-2011	30-6-2011
05	Salorio Fernández	Ana María	1-3-2011	30-6-2011
05	Sampedro Cid	Gema	1-3-2011	30-6-2011
05	Sandino Carreño	María Ángeles	1-3-2011	30-6-2011
05	Taboada Pérez	María Carmen	15-9-2010	14-1-2011
05	Valiño Ferrín	Isabel	1-3-2011	30-6-2011
05	Vázquez García	Rodrigo	1-3-2011	30-6-2011
05	Vilariño Seco	Josefina	15-9-2010	14-1-2011
05	Villar Romarís	Ana Esperanza	1-3-2011	30-6-2011
05	Wenzel Strauss	Roland	1-3-2011	30-6-2011
06	Buela Piedra	María Pilar	1-3-2011	30-6-2011
06	Díaz Regueiro	Manuel	1-3-2011	30-6-2011
06	León Prieto	Vicente Andrés	15-9-2010	14-1-2011
06	Madrid Rísquez	Antonio	15-9-2010	14-1-2011
06	Montejano Rivas	Juan Carlos	1-3-2011	30-6-2011
07	Cadorniga Valiño	María del Carmen	1-5-2011	30-6-2011
07	Ferreira Rodríguez	Tomás	17-1-2011	16-3-2011
07	Garrido Rodríguez	Manuel Felipe	1-4-2011	31-5-2011
07	González Iglesias	Ana Rosa	27-9-2010	26-11-2010
07	Piña Rodríguez	Eva	1-2-2011	31-3-2011
07	Rial Conde	María Xosé	1-1-2011	28-2-2011

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 13 de xullo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras de concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2010.

O Real decreto 457/2010, do 16 de abril (BOE nº 111, do 7 de maio), regula as axudas para a renovación do parque español de maquinaria agrícola pola necesidade de cumprir cos obxectivos de mellorar a eficiencia enerxética para conseguir unha cota de aforro de carburantes asignada ao sector agrario, menor impacto ambiental, reducir as emisións contaminantes á atmosfera, e a de rebaixar os índices de sinistralidade nas actividades agrícolas e forestais.

Estas axudas acóllense ao previsto no artigo 4 do Regulamento (CE) 1857/2006, da Comisión, do 15 de decembro, sobre a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais para as pequenas e medianas empresas dedicadas á produción de produtos agrícolas e polo que se modifica o Regulamento (CE) 70/2001, o que se lle comunicou, de acordo co estipulado no citado regulamento.

Estas axudas financiaranse con fondos do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, así como con outras achegas que para estes mesmos fins puidese facer a Consellería do Medio Rural.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

SECCIÓN PRIMEIRA

BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN DE AXUDAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A RENOVACIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA AGRÍCOLA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Artigo 1º.-*Obxecto e finalidade.*

1. Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras para conceder axudas para a renovación do parque de tractores e máquinas automotrices agrícolas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como proceder á súa convocatoria para o ano 2010.

O medio para atinxir o obxectivo é a substitución das máquinas máis vellas, que deberán ir destinadas ao desmantelamento, por novos tractores e novas máquinas que, ao estaren equipados con modernas tecnoloxías, melloran as condicións de traballo, teñen unha maior eficiencia enerxética e producen menor impacto ambiental.

2. Tamén se poderán destinar estas axudas procedentes do desmantelamento de tractores e máquinas automotrices á adquisición de determinadas máquinas arrastradas e suspendidas, como:

a) Sementadoras directas.

b) Cisternas para xurros e espaxadores de fertilizantes sólidos equipadas, en ambos os casos, con dispositivo de localización.

c) Fertilizadoras e equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios que posibiliten unha correcta distribución, mediante acreditación dunha estación de ensaios específica para estes tipos de máquinas.

3. A finalidade desta disposición é:

a) Garantir unha mellora nas condicións de traballo dos agricultores no manexo da maquinaria agrícola.

b) Incrementar o equipamento destes vehículos para maior seguridade nos seus desprazamentos polas vías públicas.

c) Potenciar a utilización de tractores e máquinas automotrices dotados con motores de novo deseño e de mellor aproveitamento enerxético do combustible.

d) Reducir a contaminación por emisión de gases e o seu nivel sonoro.

e) Asegurar a introdución na agricultura de tractores e máquinas con alta tecnoloxía, fiables e apropiados para satisfacer os requirimentos demandados pola agricultura moderna.